

**ACTA XUNTA DIRECTIVA  
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL “AVINZA GDR 15”  
O DÍA 23 DE MAIO DE 2013**

*Asisten:*

PRESIDENTE

**D. Francisco García Suárez**

VICEPRESIDENTE 3º

**Da. Yolanda Quintas Salgado**

VICEPRESIDENTE 4º

**D. Manuel García González**

VICESECRETARIA

**Da. Rosa María Pereira Vázquez**

VOGAIS

**D. Xoán Xosé Jardón Pedras**

**D. José Benito Grande Rodríguez**

**D. Juan Álvarez Losada**

**D. Francisco José Gómez Gómez**

No Salón de Plenos do Concello de Allaiz, na praza Maior, 1, cando son as 17:15 horas do día 23 de maio de 2013, previamente convocados/as, reuníronse os Sres./as. á marxe relacionados/as, baixo a presidencia do Sr. Francisco García Suárez, constituídos en *Xunta Directiva* a fin de celebrar unha sesión ordinaria da Asociación AVINZA GDR 15, para tratar os asuntos que a continuación se detallan como orde do día.

**1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O presidente abre a reunión indicando que a acta foi enviada por correo xunto coa presente convocatoria. Non habendo ningunha observación, apróbase por unanimidade.

**2. PROXECTOS**

**a) Aprobación, se procede, de cambios de orzamento entre medidas.**

O presidente toma de novo a palabra para explicar pormenorizadamente o seguinte cadro no que se expoñen cambios orzamentarios para cubrir toda a demanda de proxectos PRODUTIVOS. Indícase que nesta anualidade non se certificaría ningún NON PRODUTIVO primándose así aos proxectos empresariais que centrarán toda a inversión.

Unha vez exposto apróbase por unanimidade o cambio orzamentario abaixo recollido.

	ORZAMENTO INICIAL	ORZAMENTO (14 marzo de 2013)	PROPOSTA FINAL 2013	CAMBIOS
MEDIDA 4.1.1. Sector Agrario e forestal	100.332,97 €	178.982,34 €	178.982,34 €	0,00 €
MEDIDA 4.1.2. Mellora do contorno rural (NON PROD.)	20.066,59 €	20.066,59 €	0,00 €	-20.066,59 €
MEDIDA 4.1.3. Diversificación da economía rural				
PRODUTIVOS	200.665,93 €	170.665,93 €	222.349,52 €	+50.066,59 €
NON PRODUTIVOS	80.266,37 €	31.617,00 €	0,00 €	-31.617,00 €

**b) Aprobación, se procede de novos proxectos.**

O presidente e a xerente leen os datos referidos a dous proxectos que han de ser, se procede, ratificados por esta Xunta Directiva.

Unha vez expostos realízase a votación sendo aprobados os dous por unanimidade.

Título:	<b>Transformación de grandes bloques de pedra natural</b>
Nº expediente:	<b>L11-41300-15-0036</b>
Promotora:	<b>IBERGRANITOS SL</b>
Resumo:	O proxecto consisten na ampliación da empresa IBERGRANITOS , dedicada á industria da pedra que se vai instalar no parque empresarial de Chorente, no concello de Allariz.
Orzamento aceptado	<b>473.704,0 €</b>
% Axuda	<b>25.8%</b>
Importe da axuda	<b>122.215,6 €</b>
Concello	Allariz

Título:	<b>Consultaría medio ambiental</b>
Nº expediente:	<b>L11-41300-15-033</b>
Promotora:	<b>D´auga proxectos ecosostibles.</b>
Resumo:	O proxecto consiste na creación dunha sociedade limitada dedicada integramente á xestión e asesoramento ambiental (avaliación, estudos, plans directores, enerxía, certificacións, ...) O proxecto leva asociado un investimento de 503.860 €
Orzamento aceptado	<b>426.000 €</b>

% Axuda	<b>24 %</b>
Importe da axuda	<b>102.240 €</b>
Concello	Allariz

**PENDENTE DE VERIFICACIÓN ICE DENDE AGADER**

Título: **Explotación de polos campeiros**

Nº expediente: **L12-41100-15-0050**

Promotora: **Javier González Cristobo**

Orzamento aceptado **513.950,00 €**

% Axuda **30.6%**

Importe da axuda **157.268,70 €**

Concello **Maceda**

A xerente toma a palabra e indicar que este proxecto, aínda que, á espera da verificación definitiva dende AGADER, tense confirmación oral de que o expediente está listo para a súa verificación. Polo tanto procédese á votación ratificándose por unanimidade.

**c) Renuncia de proxectos.**

Toma a palabra o presidente indicando que hai dous promotores que renunciaron formalmente aos seus proxectos, aparecen recollidos a continuación. Realízase a votación asumindo por una unanimidade as renuncias.

Título:	<b>ARTESANÍA DUCÍ</b>	
Nº expediente:	<b>L10 - 41300 -15- 0018</b>	
Promotora:	<b>José Luis Cid Babarro</b>	
Orzamento		
	<b>Orzamento aceptado</b>	<b>82.839,35</b>
	<b>% Axuda</b>	<b>31.8</b>
	<b>Importe</b>	<b>26.342,9 €</b>
Título:	<b>Modernización do proceso produtivo e do equipamento da microempresa de fabricación de mobles</b>	

Nº expediente: **L11** - **41300** - **15** - **0030**

Promotora: **Raúl Gómez Alonso**

Orzamento

<b>Orzamento aceptado</b>	<b>316.000</b>
<b>% Axuda</b>	<b>29,4%</b>
<b>Importe axuda</b>	<b>92.094</b>

### 3. PERSPECTIVAS 2014-2015

#### a) **Dar conta da Instrución Nº 1/2013 emitida por AGADER.**

A xerente toma a palabra para expoñer a instrución chegada de Agader nos últimos días. Segundo esta orde non hai habilitados fondos para os anos 2014-2015 e, polo tanto, calquera resolución de axuda debe ir con data 30/09/2013. Resolución que se poderá modificar si se habilitan fondos para as seguintes anualidades.

No caso de que a dispoñibilidade financeira non permita conceder ao promotor a totalidade da axuda, a cantidade restante quedará supeditada á dispoñibilidade dos fondos. Facéndose unha resolución condicionada.

#### - **Criterios de selección de proxectos:**

- (1) Data de aprobación en Xunta Directiva do proxecto.
- (2) Data de verificación do ICE.
- (3) Data de solicitude de axuda.
- (4) Proposta motivada polo GDR.

Así, dentro dos proxectos aprobados hoxe, tería prioridade este por ser a verificación do ICE por parte de AGADER anterior aos outros. Como o orzamento dispoñible nesta anualidade é de 111.046,91 € e a axuda é de 122.215,63 €, quedaría pendente a diferenza á dispoñibilidade de fondos para 2014. O promotor ten que asinar un documento de aceptación das novas condicións.

#### b) **Notificación (Nº103)**

A xerente explica a notificación nº 103 chegada dende AGADER segundo a cal os gastos de funcionamento (custes de sedes, persoal,...) asignados a cada grupo inicialmente e, que se contemplan no cadro orzamentario do grupo, non son fixos, varían en función dos proxectos xustificadas en cada anualidade (notificación remitida abril de 2013,

segundo pregunta feita á Unión Europea), cun máximo do 20% do orzamento pagado aos promotores/as.

A xerente indica que nestes momentos o noso GDR supera esta porcentaxe, o que supón que debemos en 2014- 2015 axustar os gastos de funcionamento e asegurar proxectos nos vindeiros anos que permitan manter ao grupo cumprindo as novas instrucións. As medidas para o aforro son limitadas pois o grupo gasta principalmente nas nóminas dos traballadores.

Francisco García Suárez, como alcalde de Allariz e presidente de Avinza GDR 15, dentro de esta filosofía de redución de gastos á que se ten que someter o grupo, propón a redución do importe dos gastos da sede que se lle abonan a este concello. Actualmente estes gastos están fixados en 580€ que pasarían a ser, a partir deste momento de 300€ mensuais.

Remata ademais o contrato de Mónica Caneda que tamén reducirá os gastos de funcionamento. O contrato da xerente estará tamén a mercede desta nova dotación orzamentaria.

A xerente explica que semana pasada houbo unha xuntanza co Director Xeral de AGADER, no que nos aseguraba a existencia de fondos para as anualidades 2014/2015 mais non sabían o orzamento que iamos ter dispoñible.

Outra medida de aforro será a de imputar parte do salario de Eva González Pérez á partida de Promoción e divulgación, posto que vai adicarse a ela especialmente se existen fondos para os vindeiros anos.

Por esta razón, preséntase, á aprobación da xunta unha nova Campaña de Divulgación Leader centrada na promoción e no control dos expedientes en marcha.

Intervén o alcalde de Vilar de Santos, Xan Jardón, para indicar que lle parece unha boa medida a da promoción directa das subvencións, que a organización de visitas da xerente, a través dos concellos, para explicar as posibilidades de financiación son a mellor forma de divulgación e non o gasto en material publicitario. Indica que todos os membros da xunta han de facer tamén labor de divulgación.

A xerente sinala ao tempo que non se ten a confirmación oficial do orzamento que, á vez, hai que ser cautelosos, agardar a que en xuño (aproximadamente) se teña confirmación do orzamento.

Soméntese a votación esta proposta de divulgación e as medidas de aforro presentadas que son aprobadas por unanimidade.

Título:	<b>Campaña de Divulgación LEADER</b>
Nº expediente:	<b>L13-41300-15-B006</b>

Promotora: **AVINZA GDR 15**

Resumo: Campaña de divulgación do programa LEADER, baseada en xuntanzas con potenciais promotores e visitas de control a expedientes en marcha.

Orzamento aceptado 10.027,42 €

CONCEPTO	Partida	Orzamento presentado con IVE	Orzamento presentado sen IVE	Orzamento aceptado sen IVE	Observacións
Nóminas xerente (70%, meses de xuño, xullo, agosto e setembro)	Outros	9.378,86	9.378,86	9.378,86	CON IVE
Desprazamentos	Custes xerais	648,56	536,00	536,00	CON IVE
<b>TOTAL</b>		<b>10.027,42</b>	<b>9914,86</b>	<b>10.027,42</b>	

% Axuda **100%**

Importe da axuda 10.027,42 €

Concello Todos

**NOTA:** Na Xunta Directiva do 14 de marzo de 2013, aprobouse o cambio de orzamento entre Gastos de promoción e funcionamento. Ante as novas indicacións chegadas de AGADER formulamos unha nova campaña de promoción nesta anualidade para facer fronte as anualidades 2014-2015.

Tendo en conta isto, propomos facer o libro resumo de proxectos para o final do período tendo en conta os proxectos que previsiblemente se van realizar nas vindeiras anualidades.

#### 4. Convocatoria Asemblea Xeral.

O presidente indica que é o momento de convocar unha asemblea xeral, para cumprir coa obriga anual e para informar de todos estes cambios. A data proposta é o xoves 20 de xuño de 2013 ás 20:00 no Salón de actos do Fogar do Maior en Allariz.

A orde do día a que abaixo se recolle.

#### ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación das contas do exercicio anterior correspondente á anualidade 2012 e do orzamento do exercicio de 2013.
3. Acordo, se procede, da Renovación Xunta Directiva.

A xerente intervén para indicar que os estatutos teñen un artigo, en concreto o número 15, apartado que indican:

Artigo 15.

### **Apartado 3.**

*A metade dos membros renovarase cando transcorra un ano dende a constitución da asociación e a partir de aí renovarase a metade dos que leven dous anos elixidos.*

Este apartado é confuso e bastante complicado de cumprir, dando problemas dende o primeiro ano de constitución da asociación.

Propónse unha sinxela modificación para non ter que facer estas renovacións parciais senón reelixindo libremente dentro das candidaturas presentadas. Propónse unha sinxela solución, modifícalo como abaixo se recolle:

### **Apartado 3.**

*A Xunta Directiva será elixida cada dous anos en Asemblea Xeral.*

Estando de acordo todos os membros da xunta apróbase propor esta modificación por unanimidade na seguinte asemblea xeral.

### **Información sobre proxectos presentados e aprobados.**

- a. **Proxectos aprobados e Certificacións da anualidade 2012.**
- b. **Orzamento 2013 de proxectos.**

### **4. Memoria do 2012 e programa actividades de 2013.**

### **5. Rogos e preguntas.**

### **5. Rogos e preguntas.**

Intervén Manuel García para declarar que el vai iniciar a solicitude de subvención dun proxecto e quere saber se hai algún tipo de incompatibilidade ao pertencer á Xunta Directiva. A xerente indícalle que non, non hai incompatibilidade, está recollido nas bases que, simplemente, se ten que ausentar no momento da selección do seu proxecto na Xunta Directiva.

Igualmente ofrece o seu posto na xunta para quen queira ocupalo. O presidente empraza á xerente para buscar unha candidatura de consenso que se faga cargo da recta final do período.

Xan Jardón intervén para dicir que en canto se saiba a dispoñibilidade de fondos se informe para organizar reunións nos concellos para o plan de divulgación. Eva González responde que se fará en canto se teña a mínima información. Tamén sinala que outras das cousas das que se falou na reunión con Director Xeral de Agader foi da posibilidade de ampliación do período de solicitude de subvencións. O presidente recorda que quedan emprazados para a vindeira Asemblea Xeral.

Remata a reunión sendo as 17:50h.



Asociación Avinza GDR 15  
Rúa Portelo, 4 2º 32660 Allariz Ourense  
Tlf. 988442535 Móbil 672282449  
[www.avinza-gdr15.com](http://www.avinza-gdr15.com)  
Email [xerencia@avinza-gdr15.com](mailto:xerencia@avinza-gdr15.com)



**Francisco García Suárez**  
Presidente

**Xabier Oviedo Rodríguez**  
Secretario





Asociación Avinza GDR 15  
Rúa Portelo, 4 2º 32660 Allariz Ourense  
Tlf. 988442535 Móbil 672282449  
[www.avinza-gdr15.com](http://www.avinza-gdr15.com)  
Email [xerencia@avinza-gdr15.com](mailto:xerencia@avinza-gdr15.com)

